# O II CONGRESO: un paso na afirmación nacional do noso Partido

Os comunistas galegos vimos de facer o noso II Congreso. Inda fai cousa dunhos anos, poucos, tivo lugar o I Congreso, tamén na clandestinidá, que foi o Congreso costituinte do Partido Comunista de Galicia, partido nacional ó que Galicia ten, de seu, dereito como nación que é.

Compre logo estudiar e discutir entre nós, cos homes e mulleres de avangarda do noso pobo e cas demais forzas políticas galegas, os materiales do II Congreso. Sobre todo o informe presentado no nome do Comité Central polo camarada Santiago Alvarez. Amplia discusión, onde, partindo destes materiales, enriquézase a nosa linia política e abórdense con audacia e intelixencia as novas necesidades que, despois do 72, se nos plantexan ós comunistas galegos e a todo o pobo.


# a voz dó pobo

¡Proletarios de todol-os paises unidevos!

ARCHIVO

ORGAO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA - Ano V - Nº 15 - 15 Setembre 1973 - 8 pts.


Destas novas necesidades queremos, en primeiro lugar, destacar hoxe a de traballar mais como Partido nacional galego.

Cáseque a totalidá da nosa aitividá vímola adicando as loitas das masas galegas polos seus intereses inmediatos, contra da represión, pola democracia e o derrumbamento do réximen franquista da oligarquía: os meirandes enemigos de Galicia. Neste senso, ¿quen fixo mais que os comunistas por Galicia e o seu pobo?.

E sabida, inda que pouco discutida entre os traballadores, a nosa firme posición, que é tamén do PCE, polo dereito de Galicia a decidir libremente o seu destiño; asimesmo a nosa postura en contra do separatismo (si alguén o propuxera) e mais por unha federación de todolos pobos de España, que coidamos deben continuar unidos, pro non pola forza como agora senon vontademente.

Mais coa toma de postura, que como marxistas leninistas, é pra nós custión de principios, non nos chega. Hoxe xa temos que traballar mais axeitada e intensamente pra que as nosas claras posiciós respeito ós dereitos de Galicia abranse camiño mais axiña, sexan compartidos pola maoría do pobo galego e se intensifique a loita por elas.

Deixando fora, aprte a unha minoría oligárquica sostenedora do réximen e os que poden servilo hastra o fin, Galicia moverase como un solo home, unirase fortemente na loita polos intereses comús a todo o pobo galego. Solo marchando na avangarda polas reivindicaciós galegas o mesmo tempo que polas suas reivindicaciós poderá o noso proletariado movillizar, con firmeza e continuidá, a Galicia contra do réximen. ¿Quen mais que o pobo galego, produtor de todala riqueza, ten o dereito e a obriga de falar en nome de Galicia asoballada e defendela?. ¿Que outra maneira ten a crase obreira galega de sere a crase dirixente en Galicia, si non é loitando polos seus intereses e, o mesmo tempo, collendo nas suas mans o interés nacional da sua terra?.

O proletariado galego, a clase social da nosa terra mais vencellada, solidaria e consecuentemente revolucionaria, non se poderá liberar da esplotación capitalista, liberando ó mesmo tempo as outras clases esplotadas, a gran maoría dos galegos, sin liberar a Galicia, da opresión centralista e do roubo do escedente económico, que perpetúa o atraso e mais

Pasa á 3

**TRIBUNA**

**DO CONGRESO**

**" ALGUNAS CONSIDERACIONES SOBRE NUESTRA TACTICA Y NUESTRA ESTRATEGIA."**

Pág. 4-5

# 20 SETEMBRE xuicio contra os pescadores ferrolans

Despois de varios aplazamentos, os dias 20 e 21 de Setembre vaise celebrar na Cruña o xuicio contra Manuel Pillado e os sete pescadores ferrolans, na Audiencia provincial.

Non esquezamos que pola acusación privada (levada direitamente polo Sindicato vertial feixista, nas mans de Liaño Flores) pídense pra estos oito traballadores do mar mais de 30 anos de cadea, 136 de inhabilitación especial e cáseque medio millón de pesetas en multas. Pra o ex-Patrón Maior da Cofradía de Pescadores, Manuel Pillado, solicítanse en total 13 anos e medio de cadea.

Trátase dun novo paso na escalada represiva que o réximen tenta levar en Galicia, agora, non dos seitores do noso pobo que derradeiramente viu desenrolando valerosas loitas.

Todos istes homes, membros do anterior Cabildo da Cofradía ferrolana, tíñanse destacado na defensa dos seus compañeiros, loitando contra a política monopolista do réximen neste seitor, loitando contra a entrega das plaias e ribeiras á propiedá privada dos monopolios, e a liquidación da pesca de baixura, defendendo o caraiter comunal da riqueza natural marisqueira de Galicia, frente ós proieutos monopolistas do Plan Marisqueiro do réximen.

Pasa á 4

(c) Ministerio de Cultura 2005

# plante en una pareja de bacaladeros de pebsa

El día 10 de Agosto, sobre las 4 de la tarde, tienen la salida para los caladeros de Terranova la pareja de bacaladeros "Eduardo Chao"y"José Cornide", planteándose entre la marinería la reclamación de dietas sobre los dias en tierra — que la Empresa les adeuda.

Elegido un marinero para dialogar y reclamar con el representante de la flota, este marinero recibe la siguiente respuesta: que no hay dinero en caja en ese momento. Toman la decisión, además, de desembarcar a dicho marinero.

La empresa PEBSA tiene por norma dar anticipos de 5.000 pts. sobre su salario a todo personal que embarque y al momento de partir, para sufragar viajes, retornos y necesidades a la familia de cada marinero. Pero ante las reclamaciónes presentadas, como represalia les fué denegado dicho anticipo, dándose el caso de — que entre las mujeres que despedían a sus maridos que partian para la larga campaña de pesca, tuvieron que sufragarse los gastos para el viaje, ayudándose unas a otras.

Ante el Brigada y el Contramaestre les son denegadas las cartillas embarcando sobre las 6 de la tarde bajo la promesa de la Empresa de solucionar sus reclamaciones en fechas próximas.

Es preciso no dar cuartel y volver a la ofensiva si en breve plazo no se — — atienden las reclamaciones.

# libertá pra PILLADO, ANEIROS e demais compañeiros de proceso

Marcelino Camacho, Eduardo Saborido, Nicolás Sartorius, Francisco García Salve, Fernando Soto, Juan M. Ruiz Zapico, Francisco Acosta, Miguel A. Zamora, Pedro Santisteban y Luis Fernández Costilla, dirixentes obreiros españoles, procesados polo T.O.P. no sumario 1001, van seren xuzgados, con moita presa, neste mes de Setembre. O fiscal pídelles un total de 162 anos de cadea.

O réximen intenta, a pesares da atención internacional é redor desde mostruoso proceso, (comparable á que tivo o histórico proceso de Burgos) escarmentar — dunha maneira "exemplar" a toda a clase obreira española. O Goberno Carrero busca porlle frenos á ofensiva obreira en curso, en todolos centros industriales de España. Busca facer retroceder esa — realidá da esistencia de Comisiós Obreiras na maoría das empresas importantes — de España e queren facelo cargando de — anos de cadea ós 10 de Carabanchel, acusándoos de formar a Coordinadora Xeneral das CC.OO. de España. Deben coidar que o vento pódese parar cas mans.

¿imos deixar os traballadores que o — réximen consuma impunemente os seus negros propósitos?

Os traballadores galegos debemos ser dos primeiros a hora de loitar porque — nin un solo dia de cadea se abata sobre Camacho e os seus compañeiros. URXE MOVILIZAR NAS EMPRESAS, mediante escritos de apoio ós procesados, paros, asambleas, — concentraciós, etc. mantendo a axitación a culminar no dia do xuicio en Madrí. Urxe poñer no primeiro plano da nosa aitividá, agora que vivimos un novo ascenso da loita obreira, as aiciós de masas en apoio dos 10 de Carabanchel. ¡Pola sua libertá!

Si ningunha das forzas políticas galegas, ninguén que en Galicia esteña pola democracia e a libertá sindical, debe — verse alleo ao proceso dos de Carabanchel que é o proceso do réximen contra a clase obreira española. Si estos son os intres nos que, dun ou outro xeito, hai que tomar postura púbrica pola democracia e mais a libertá, con mais razón ainda é necesario que os galegos nos movilicemos en defensa de Rafael Pillado, Aneiros e os 24 procesados polas loitas do 10 de marzal do 72 no Ferrol.

A clase obreira galega, Galicia enteira, debe pedir, esixir do réximen o sobreseimento dese proceso e a libertá total dos neste encartados.

E coma medida de urxencia a libertá provisional de Pillado e Aneiros como reclaman os traballadores de Bazán.

Lograr a libertá de Pillado, Aneiros e todolos seus compañeiros de proceso é pra crase obreira galega e pra todo o noso pobo unha tarefa nacional.



## AXUDA O PARTIDO

### INTERIOR

ZONA 2

| | | |
|---|---|---|
| Grupo Modesto (5 entreg.) | 4.269,- | pts. |
| " Ave (2 " ) | 6.700,- | " |
| " A | 4.650,- | " |
| " B | 8.400,- | " |
| " CH | 3.200,- | " |
| Varios represaliados | 4.400,- | " |
| Dos despedidos | 20.000,- | " |
| Un amigo | 950,- | " |
| Un amigo | 2.000,- | " |
| Un veterano | 500,- | " |
| Un simpatizante | 100,- | " |
| Un pequeño industrial | 1.000,- | " |
| Un intelectual de Lugo | 1.600,- | " |
| Varios camaradas | 7.025,- | " |

ZONA 3

| | | |
|---|---|---|
| Grupo AO | 900,- | " |
| " 26 de Abril | 2.[illegible]00,- | " |
| " 1º de Mayo | 4.200,- | " |
| " MLL | 350,- | " |
| " GB3 | 1.125,- | " |
| " FB | 250,- | " |
| " PONTE | 150,- | " |
| " Amigos de Xan | 450,- | " |

### EXTERIOR

| | | |
|---|---|---|
| De un matrimonio gallego residente en Paris | 3.125,- | " |

## AXUDA OS PRESOS

### INTERIOR

ZONA 2

| | | |
|---|---|---|
| Ayuda a presos | 200,- | " |
| Un emigrante | 2.000,- | " |
| De una fiesta | 5.000,- | " |



(c) Ministerio de Cultura 2005

# O II congreso: un paso...

Ven da 1ª

o sudesenrolo crecente. ¿Cabería imaxinar un socialismo onde Galicia seguira como si fora unha colonia, co seu atraso, ca emigración, sen a sua persoalidá histórica, co idioma galego -a língoa dos traballadores- abafado, asoballado o noso pobo?. A causa do socialismo, en toda España, é a causa da liberación de Euzkadi, Galicia e Catalunya. Son inseparables. En último estremo as naciós do Estado español xuntas vencerán como xuntas foron derrotadas no 1.939.

O proletariado e mais todalas forzas do traballo e da cultura galegas, na avangarda pola democracia, teñen que defender mais que ninguén o dereito o deito de Galicia ás suas libertades nacionales que son dereitos democráticos tamén.

Os traballadores galegos que gardaron a língoa galega, abandonada pola burguesía, língoa coa que nos espresamos mais libremente, teñen mais interés que ninguén en que o galego sexa lingoa oficial e estéa na escola e na Universidá, na prensa, radio e televisión, e nos documentos oficiales; teñen mais interés que ninguén en que a cultura galega poida desenrolarse libremente.

Temos que facer uso, con moita mais forza, na nosa axitación, das consiñas relativas ás libertades nacionales galegas. E vencellar as reivindicaciós cotidians, inmediatas, das masas, ás reivindicaciós que nos afeutan como galegos.

Nese senso, o Programa de Loita da clase obreira galega, acordado na III Asambiea das Comisiós Obreiras de Galicia, parécenos un adianto importante. Compre espallalo e collelo como arma de combate.

No frente cultural (sen deixar de ver que é loitando unidos, na práitica, como se fai ante todo unha concencia de unidá nacional entre os galegos) estamos por un maior desenrolo das sociedades culturales galegas pola nosa xeografía e por un maior conocemento da nosa língoa entre o pobo, na medida en que hoxe é posible. A firme defensa e o uso da língoa galega é hoxe un arma de combate.

O Partido Comunista de Galicia, por ser o Partido marxista-leninista do proletariado é un Partido do pobo galego e de liberación nacional. Pra cumplir esa tarefa, os comunistas galegos e o noso pobo, contamos co apoio do Partido Comunista de España do que formamos un todo único e indisoluble, e co proletariado e demais forzas avanzadas de todolos pobos do Estado español. O P.C. de Euzkadi e mais o Partit Socialista Unificat de Catalunya loitan nas suas respeitivas naciós pola mesma causa que nós. E o noso apoio é mútuo.

Relembramos que unha das razós do fracaso histórico das revoltas e revoluciós galegas, dirixidas polas forzas burguesas, foi o que non foran unificadas en todo o Estado. E logo hoxe, a férrea unidá da clase obreira e de todolos comunistas do Estado español é garantía pra liberación de Galicia.

Os traballadores galegos e catalans, vascos e andaluces, valenciáns e castelláns, e primeiramente a sua avangarda comunista, non imos deixar que as burguesías ou pequeno-burguesías de cada nacionalidá ou rexión española rompan nin un chisco, a nosa unidá aproveitándose das diferencias nacionales e dos diferentes niveles de desenrolo económico. Os inconfesables ouxetivos de tales artimañas serían, no tal caso, debilitar na propia nacionalidá ó proletariado pra lle impoñer o seu dominio ideolóxico e político.

Xa se foron os tempos pros galegos das queixas e dos choros, de esperar que as nosas cousas se resolvan en Madrí, e mais si o poder que rixe nel e feixista. ¿Cómo van os nosos propios enemigos, o Estado centralista franquista e a clase dominante resolver os nosos problemas?..

Os galegos, contando cos solidaridá dos outros pobos da España temos que mantermos polo noso propio pé, e confiar, ante todo, na nosa propia forza. Compre entón a UNIDA DOS GALEGOS pola libertá, unidá que temos que facer e cuia primeira pedra pode ser e unidá de todalas forzas e grupos políticos galegos da oposición.

Os comunistas galegos propoñemos ás socialistas galegos, á democracia-cristiana galega, á UPG, á todalas forzas políticas antifranquistas galegas a conclusión dun acordo unitario encol dunhos puntos mínimos, decididos conxuntamente, e a coordinación dos esforzos pola libertá de Galicia e polo seu real desenrolo, así como polas libertades políticas e democráticas.

Avanzar polo camiño da unidá de todalas forzas antifranquistas dun xeito de UNIDA NACIONAL GALEGA, non é responsabilidá soio dos comunistas galegos, que mantemos por principio posiciós unitarias. O grave retraso que esta unidá trae en Galicia debe levarnos a cada unha das forzas políticas e por diante e primeiramente o interés de Galicia, do pobo galego, interés que no fondo, é tamén o de cada grupo político da oposición con concreto. Parécenos chegado o momento da aición pra todolos homes políticos galegos, o que non quer decir o momento das precipitaciós e da lixeireza. Coidamos que se debe deixar a un lado todo cálculo partidista, si ven a oustaculizar a unión das forzas mais representativas do pobo galego, de Galicia.

Os comunistas galegos estamos polo restablecemento, dun xeito provisional, dos principios e das istituciós previstas polo Estatuto de Galicia aprobado polo pobo no 36; a pesares das suas insuficencias. Sen ter porque esperar a que nos veña de fora, ca base de unidade nacional galega, tense que impoñer, cando haxa condiciós pra elo en Galicia e en España, un Goberno Provisional Galego que convoque aleiciós ceibes pra Asamblea Lexislativa Galega, aparte da nosa representación nas Cortes Costituientes españolas. A autonomía galega é o primeiro paso pra que Galicia poida conquerir o dereito á libre determinación e facer uso dil. Doutra maneira, sería falar por falar, querelo todo e non facer nada.

**LEE E DISCUTE OS MATERIALES DO II CONGRESO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA**



(c) Ministerio de Cultura 2005

# FRENTE OBREIRO

## DENDE O FERROL

En ASTANO, os traballadores vanse incorporando ó traballo despois das vacaciós e manteñen maoritariamente o plante de veladas, motivado polo Convenio que foi firmado as suas espaldas e por debaixo do salario mínimo, e en apoio dun escrito que mandaron a Direción da Empresa pedindo un aumento xeneral do 9 por cento. Tamén están pasando a firma entre os traballadores un escrito no que piden a dimisión do Xurado de Empresa que non representa a ninguén.

Entre os traballadores de oficinas da Empresa eisiste un gran descontento debido a unha nova reestruturación do sistema de incentivos que a Empresa quere facer. Trátase de establecer un control moito mais riguroso e deixar a merced da Empresa os incentivos das contratas e horas estras; deste xeito, no suposto dunha disminución no rendimento, a Empresa podería quitar ó seu antoxo as contratas e horas estras, rebaixando enormemente os salarios.

## A CRUÑA

FABRICA DE ARMAS

A eisistencia dun posto permanente da Guardia Civil dentro da fábrica E.N. Santa Bárbara (Fábrica de Armas) é unha patente mostra de desprecio e temor, a un tempo, á crese obreira por parte do réximen, que ten medo pola inquedanza que hai entre os traballadores con motivo do espedente parcial de crisis que deixou perante varios meses sen trabalio a 82 homes.

TALLERES CHAS

A consumación do despido de 23 traballadores de Talleres Chas, co apoio da Organización Sindical, que autorizou o espedente de crisis e redución de plantilla, patentiza inda mais a farsa que supoñen as promesas demagóxicas do réximen cando fala do "derecho de todo español al trabajo".

Os traballadores, ante o plantexamento da Empresa, chegaron a intentar a costitución dunha cooperativa de produtores, pro o Sindicato rechazou ista proposta. Presentouse demanda contra os despidos e o xuicio está pendiente de sentencia.

O CONVENIO PROVINCIAL DO METAL

Foi dirixido a Comisión Social deliberador do Convenio Provincial do Metal da Cruña, un escrito con mais de 300 firmas recollidas nas diversas empresas metalúrxicas da cibdá, no que se plantexa a plataforma reivindicativa diste importante seitor.

Os traballadores metalúrxicos piden:

- Convenio ca vixencia dun ano
- Salario mínimo de 400 pts. semanales
- Xornada laboral de 40 horas semanales
- Non recuperación dos días festivos
- Cen por cen do salario nos casos de accidente laboral ou enfermedá profesional
- Vacaciós de 30 dias
- 2 pagas anuales equivalentes cada unha delas ó importe dunha mensualidá do salario real.

Por non ter feito a suficiente forza e pola falta de representatividá da parte social da Comisión deliberadora, éste foise plegando ós intereses dos patronos e soio se consigueo o das pagas completas. A Xornada laboral foi reducida de 48 a 44 horas semanales.

A pesares de ter chegado a un acordo entre a parte social e mais a económica, estase demorando a firma do convenio que ainda non foi aprobado pola autoridá laboral. A pesar do convenio, hai que loitar por conseguir a nosa plataforma reivindicativa.

# 20 setembre...

Verdade

O Sindicato vertical, colaborador sempre eficaz da policia e mais do réximen na represión dos traballadores, xa non lle importa aparecer á luz pública levando abertamente a acusación contra os pescadores do Ferrol, montando este vergonzoso proceso contra os seus propios membros.

Por si ainda houbera algunha dúbida, ¿qué "Sindicato" é este que pide pra os seus obligatorios afiliados 30 anos de cadea?. ¿O servicio de quén está o Sindicato feixista e que intereses defende?.

A solidaridá cos pescadores do Ferrol ten que facerse patente neste xuicio; hai que obrigar ó Sindicato pra que retire a acusación. Cando a loita é decidida e a nivel de masas, pódese desbordar a represión e facer recuar ó réximen, que ten nela o seu único sostén.

Todolos seitores populares de Galicia, e moi especialmente os nosos pescadores, mariñeiros e mariscadores, temos que defender con enerxía ós oito procesados. Urxe levar a cabo todo tipo de aiciós de protesta contra o xuicio, defendendo a Manuel Pillado e os seus compañeiros, con paros, concentraciós en Sindicatos, folgas, asistindo masivamente ó xuicio o dia 20, co noso apoio solidario e económico.

¡Loitemos porque nin un soio día de cadea seña imposto ós pescadores da ria ferrolana!

# TRIBUNA DO CONGRESO

Iniciamos hoy esta nueva sección en "A VOZ DO POBO" para ir plasmando en ella la discusión que vaya suscitando en las distintas organizaciones del P. los materiales del II Congreso. A través de ella; con una discusión libre y abierta, profundamente crítica y autocrítica, creemos contribuir a un enriquecimiento de las aportaciones políticas del II Congreso.

Así, la TRIBUNA queda abierta a todos los camaradas que quieran expresar sus opiniones en torno a cualquier punto de la linea política del P.C.G. y su concepción de la revolución en Galicia.

Los sucesivos artículos que vayan apareciendo, reflejarán, por tanto, la opinión personal del camarada que lo escriba y no necesariamente la de la dirección o del Partido en su conjunto.

En página 5



(c) Ministerio de Cultura 2005

# ALGUNAS CONSIDERACIONES SOBRE NUESTRA TÁCTICA Y NUESTRA ESTRATEGIA

Sabido es que nuestro Partido tiene una táctica y una estrategia definidas; las mas amplias divergencias en el Pacto para la Libertad que aglutine a todas las fuerzas que hoy estén interesadas por una u otra razón en acabar con la dictadura y establecer un régimen de libertades.

Una estrategia bien definida asimismo: la Alianza de las Fuerzas del Trabajo y de la Cultura, es decir, la alianza de todas las fuerzas cuyas contradicciones con el actual sistema social no procedan de la existencia de la dictadura solamente, sino que dimanen de la existencia de un sistema social capitalista y por tanto no encuentran solución mas que en un régimen antimonopolista y más allá, socialista.

La lucha de las fuerzas constitutivas de esta Alianza es el motor del desarrollo político-social, de la cual la medular es la de la clase obrera que es la vanguardia.

De lo que se trata es de diferenciar claramente ambos conceptos, de no confundirlos, pero al mismo tiempo de no divorciarlos mecánicamente sino de situarlos correctamente en su relación dialéctica. Esto es de consecuencias incalculables para todo el proceso que nuestro Partido concibe como el camino más viable para la revolución en nuestro pais.

LA ALIANZA.

La Alianza de las fuerzas del Trabajo y de la Cultura, por otra parte admitida hoy aunque con diferentes nombres por la casi totalidad de las fuerzas revolucionarias de nuestro pais (lo que demuestra una vez mas el papel dirigente del Partido), está basada en el hecho de que en los paises capitalistas desarrollados, debido a la revolución científico-técnica y a las transformaciones generales de las fuerzas productivas, irrumpen en el escenario de la producción sectores cuyos intereses chocan abiertamente con el sistema capitalista, cuyas contradicciones son irresolubles en el marco de ese sistema, siendo por tanto sectores objetivamente revolucionarios.

Estos sectores, cada vez mas numerosos, con mayor peso específico en la sociedad, son: los estudiantes, los profesionales y técnicos de todo tipo, etc., lo que nuestro Partido ha denominado genéricamente "las fuerzas de la Cultura".

En nuestro pais estos sectores que han sido y son cada día protagonistas de grandes luchas, tienen sin embargo (a nivel de España) una existencia prematura, debido no tanto a unas transformaciones generales y profundas a causa de la revolución científico-técnica, sino mas bien resultado del raquitismo del capitalismo español, incapaz de absorver las promociones de estos sectores que hoy se enfrentan al paro, al subempleo, que sufren al igual que la clase obrera, las consecuencias del tipo de crecimiento que el capitalismo español está imponiendo a la economía.

Al plantearse sus problemas estos sectores, como la clase obrera, se enfrentan con la estructura productiva misma, se plantean la necesidad de cambios en la estructura económica, se plantean, por lo tanto, el problema del poder político.

Nuestro Partido, ha definido estos movimientos, así como al movimiento obrero, como movimientos socio-políticos revolucionarios, es decir, movimientos sociales porque expresan y tienden a resolver aspectos claves de la sociedad española, y políticos, por que las contradicciones que les dan vida exigen para su solución profundos cambios políticos, plantean el problema del poder.

El problema que se nos plantea hoy, es sobre qué bases hay que desarrollar estos movimientos de masas, como lograr que sus luchas sean cada día mas convergentes con el movimiento obrero cara a la plasmación en la práctica y a nivel de masas de esa Alianza de las fuerzas del Trabajo y de la Cultura capaz de realizar las grandes transformaciones sociales y políticas que nuestro pais necesita.

Es a través del desarrollo de sus propias problemáticas, a través de la profundización de ellas el camino por el cual estos sectores acaban enfrentándose a la raiz misma de sus problemas: la estructura económica existente y la necesidad de los cambios que ésta necesita. Es por tanto que ese camino que cada sector comprenderá en su lucha por sus propios problemas, a nivel de masas, cuales son sus aliados naturales. Quienes tienen problemas comunes a él, con la misma raiz y por tanto con idénticas soluciones.

La experiencia demuestra que ese es el camino por el cual, día a día y lucha tras lucha, los estudiantes y profesionales se han ido ligando cada día más y más al movimiento obrero. Al tiempo que el movimiento obrero apoya de las formas mas diversas las luchas de estos sectores a los cuales vió en un principio con gran escepticismo.

Cuando los estudiantes, médicos o enseñantes plantean sus alternativas a la medicina o a la enseñanza actual, ¿quehacen sino manifestar una necesidad no solo de los profesionales de ese sector, sino auténticas necesidades del conjunto de la sociedad que afectan fundamentalmente a las clases populares?. Este es, a mi juicio, el camino: articular esas alternativas y organizar la lucha en torno a ellas.

EL PACTO POR LA LIBERTAD.

¿Cómo se inserta el Pacto para la Libertad en todo este proceso?.

Hoy, el mayor obstáculo que se opone a la puesta en pié de las alternativas sociales que son la expresión de la problemática de los diversos sectores del trabajo y de la cultura, es la existencia de la dictadura fascista que sufrimos desde hace 37 años. El primer obstáculo a superar para desarrollar con enorme fuerza y vigor todo el proceso revolucionario.

Pasa a la 7



(c) Ministerio de Cultura 2005

# ¡nuestra solidaridad hacia el pueblo hermano de CHILE!

El golpe militar fascista en CHILE ha contado con el apoyo del imperialismo yanqui. Salvador Allende no ha sido el único Presidente de Latinoamérica que entra en la Historia como martir del proceso de liberación y víctima del imperialismo americano.

Salvador Allende había sido elegido democráticamente por el pueblo para realizar un programa de reformas sociales, que sólo eran posible mediante la emancipación económica del pais. El boicot de la reacción interna y la presión del capitalismo monopolista yanqui hicieron fracasar el programa del Gobierno de Unidad Popular, pero el pueblo chileno sabrá vencer adoptando las formas de lucha que la nueva situación le plantea para conquistar la independencia política y económica, la democracia y el socialismo.

Los dramáticos acontecimientos que están ocurriendo en CHILE, a la vez que conmueven a todo el pueblo gallego, nos hace recordar el origen, dentro de condiciones históricas diferentes, de la dictadura franquista. Entonces, del mismo modo que hoy en CHILE, un puñado de oficiales traidores valiéndose del Ejército se sublevaron contra la República, pisoteando el veredicto popular para constituir la condena de los intereses de la oligarquía financiera y latifundista, cuyas clases dominantes tienen en su haber la responsabilidad histórica de haber impuesto una guerra civil al pueblo español para hacer de España una colonia de los yanquis. Nuestra solidaridad con Chile está en precipitar la quiebra del sistema franquista. Alcanzando la correlación de fuerzas que venga a cristalizaren el Pacto para la Libertad. Este es el camino para golpear de forma decisiva el capitalismo monopolista extranjero y exigir la inmediata retirada de las bases yanquis de España. Asimismo llamamos a las mas diversas formas de acción solidaria en favor del pueblo de Chile.

¡POR LA LIBERTAD Y LA SOBERANIA NACIONAL!

¡FUERA LAS BASES YANQUIS DE ESPAÑA!

¡SOLIDARIDAD CON LOS TRABAJADORES DE CHILE!

El Comité de Vigo del P.C. de G.

"En estas horas dramáticas, el Partido Comunista de España reafirma su solidaridad fraterna, entrañable, con el Partido Comunista de Chile y asimismo con el Partido Socialista y con los otros Partidos de la Unidad Popular, con la clase obrera y el pueblo chilenos. Llamamos al pueblo español a desplegar, por todos los medios posibles en nuestras condiciones, una campaña de solidaridad con la Unidad Popular de Chile"

(Del llamamiento del C.E. del P.C. de España)

# fishing exhibition

Estamos viviendo en Vigo la "World Fishing Exhibition" que cuenta con amplios medios publicitarios. En torno a ella el Gobierno ha adoptado fuertes medidas preventivas de carácter represivo. A este fin la plantilla de la Brigada Político Social ha sido reforzada y dos Brigadas móviles "a la paisana" se encuentran camufladas en las instalaciones de la ETEA.

De esto, claro es, no se han dado cuenta ni los "gentlemans" de industria ingleses ni tros "visitadores" de dicha exhibición "deslumbrados" por el montaje de publicidad de la Feria.

Salvando lo que representa como expresión de los avances científico-técnicos, objetivamente progresivos y hasta revolucionarios, este tipo de ferias en las que interviene la España oficial, suelen servir más como elemento de propaganda de ésta España que como homenaje a los que, en realidad, hacen avanzar el progreso técnico-científico: las fuerzas del trabajo y de la cultura, del esfuerzo fundamental de las cuales se apropia en este sistema la clase capitalista explotadora.

Esa propaganda de oropel suele servir también para ocultar realidades que preocupan mucho mas al pueblo que lo que puedan decir los ministros franquistas con sus peroratas.

Por ejemplo en la mañana del 15, mientras iban llegando o se anunciaban "ilustres" visitantes de la feria, en la calle, en los barrios de la ciudad aparecían grandes pintadas ¡Viva Allende! (P.C. de G.) "Fascismos asesinos "Abajo el fascismo". Expresión de cuanta indignación no ha producido entre nuestro pueblo el golpe militar fascista de Chile.

A las 12 (mediodia) los bomberos daban inicio a la operación "antipintada", dirigiéndose, a tiro fijo, a las zonas pintadas. Mas mientras ellos borraban los letreros, miles de octavillas referidas a Chile o a Galicia circulaban por la ciudad profusamente.

Nuestro objeto hoy no es hacer un balance de la Feria. Debemos ver ésta en relación con los graves problemas que afectan a nuestra industria pesquera y conservera, sobre todo a los hombres y mujeres que laboran en esas industrias, a sus condiciones de vida, de trabajo, etc. en especial a los que se juegan la vida en el mar, así como a los bajos salarios de los obreros de nuestra construcción naval en comparación con el alza vertical de los precios y el coste de la vida y, de otra parte, con los negocios de las mas importantes casas constructoras. Sobre todo eso habrá que volver. Pero cabe preguntarse: ¿Qué soluciones hay para la pesca de bajura?. ¿Qué se hace en defensa de los marineros-pescadores-víctimas de la política colonialista de Franco con Marruecos?. ¿Qué solución se le vé a la falta de mercados exteriores para nuestras conservas y a su aguda crisis?.

Sobre estos problemas tampoco se habló en la Feria. Habremos hacerlo también nosotros.



(c) Ministerio de Cultura 2005

# la plataforma de barreras

Mas de 300 trabajadores de Astilleros BARRERAS de Vigo han presentado a la dirección de la Empresa y a la prensa, una plataforma reivindicativa de empresa, cuyos puntos más importantes son:

- Funcionamiento de la Comisión paritaria elegible por los trabajadores con representación de gradas y maquinaria.
- Aumento del valor punto y estabilización de tiempos. Prima estimada de 70.
- Revisión inmediata de categorías y puestos de trabajo.
- Representación obrera en el Consejo de Administración.
- Local para las reuniones de los cargos sindicales.
- Que la empresa abone la diferencia hasta el 100 por cien del salario real a todo trabajador que, por su agotamiento físico o incapacidad para el trabajo, deba pedir la jubilación anticipada.
- Que el Jurado de Empresa dé un conforme ante cada caso de sanción.
- Contratas: pase a plantilla fija después de un año.
- Acabar con la arbitrariedad y métodos despóticos de algunos jefes y encargados. Expulsión de sus cargos en caso de reincidencia.
- Elección democrática de los puestos de la Comisión de Seguridad e Higiene.
- I.R.T.P. a cargo de la Empresa.
- Reconocimiento de la silicosis como enfermedad profesional en el taller de fundición y medidas radicales para prevenirla (medidas que se enumeran)

Acaban el escrito los trabajadores exigiendo una respuesta en el plazo de un mes, después de explicar que todas las reivindicaciones se basan en normas legales y de justicia social.

Dentro de la orientación de que ni una sola empresa deje de elaborar su propia plataforma reivindicativa, la plataforma de Barreras, discutidas por los trabajadores en algunas secciones, es un modelo a seguir.

No hay que esperar a la negociación del convenio para presentar las reivindicaciones y luchar por ellas. Ha llegado el momento de hacerle frente a los problemas internos de la empresa y no dejar en manos de la patronal lo relativo a la organización del trabajo.

Levantemos, frente a la dirección, un poder obrero en la empresa, contra la sobreexplotación por la productividad.

# A MEMORIA DO CAMARADA MOIX

Os comunistas galegos compartimos o fondo door do conxunto dos comunistas españoles e, de xeito moi especial, dos camaradas do PSU, da clase obreira e do pobo de Cataluña, pola morte do camarada José Moix, membro do Comité Executivo do P.C. de España e Presidente do PSUC acaecida o 26 de Agosto pasado en Praga. Á sua viuda, camarada Dolores Ruano, ós sous fillos, á toda a sua familia, vai asimesmo a eispresión do noso mais sentido pésame.

A morte do camarada Moix non somentes e unha perda pros camaradas do PSUC, aos que nos vencellan vínculos tan fraternales, sinon pra todos nós, pra crase obreira, pra todolos pobos de España, á causa dos cales, como á do proletariado mundial, o camarada Moix consagrou a sua vida enteira.

Obreito textil, militante sindicalista revolucionario, comunista; traballador na fábrica, Alcalde de Sabadell, Ministro de Traballo coa República; exiliado, Presidente do irmán PSUC, dirixente da Federación Sindical Mundial, Moix non tivo mais preocupación e ouxetivo que servir á causa dos obreiros e das masas traballadoras, loitar pola libertá e o socialismo.

Coma combatente proletario, coma comunista, o camarada Moix non podía deixar de ser asimesmo, e foino nas primeiras ringleiras, un loitador polo dereito de autodeterminación do pobo de Cataluña, así como de Euzkadi e de Galicia. Ao mesmo tempo o camarada Moix loitaba pola mais estreita unidade da crase obreira, no ámeto de todo o Estado español, e por unha España democrática e socialista na que todos os nosos pobos háchense vencellados non pola imposición io centralismo feixista, sinon pola sua libre e soberana vontade.

Ao rendirlle, con estas liñas, este sinxelo homaxe, fondamente sentido, quixéramos facer nosas as verbas que o camarada Gregorio López Raimundo, membro do C.E. do P.C. de España e Segredario do Comité Central do PSUC do PSUC pronunciou no seu enterro. "O recordo de Moix será pra nós un estímulo á continuación do combate pola libertade e o socialismo é que il deu a sua vida enteira".

## ALGUNAS CONSIDERACIONES...

Viene de la 5

Nuestro Partido ha dejado claro que nosotros no pensamos integrarnos en el capitalismo, que nuestra política no pretende ayudar a la burguesía a cambiar sus formas de dominación.

El propósito del Partido es romper las trabas que la dictadura nos pone para desarrollar y agrupar a todas las fuerzas capaces de posibilitar un régimen socialista.

Necesitamos de la democracia para desplegar toda nuestra fuerza. Pero para derrocar la dictadura no llega con que las clases populares estén contra ella, hace falta que las clases dominantes no puedan seguir dominando por los mismos métodos, hace falta que estén profundamente divididas. Por eso el desplazamiento de los más amplios sectores de la burguesía al campo de la oposición es un hecho político positivo, por esto el Pacto para la Libertad es una táctica revolucionaria.

Al mismo tiempo tampoco engañamos a nadie diciendo que la democracia va a solucionar todos los problemas, que decidirá por si sola la hegemonía de la clase obrera. No. Eso dependerá de la clase obrera, de su capacidad para rodearse del máximo de aliados, de que cristalice o no la Alianza de las Fuerzas del Trabajo y de la Cultura.

Vemos pues la indisoluble relación entre Alianza y Pacto cara al derrocamiento de la dictadura y para asegurar un proceso ininterrumpido democrático y revolucionario que nos lleve al socialismo.

Armando Xove.



(c) Ministerio de Cultura 2005

# CATASTROFICA situación na GANDEIRIA

Cando o señor García-Baxter decía pola televisión, en relación ca intención do Goberno manifestada "hace cuatro años" de facer de España "una nación ganadera de las mas importantes de Europa", que "una cosa son las palabras y otra son los hechos", non puido menos que solprendernos un tal derroche de sinceridá.

"El Noticiero Universal" dibuxábanos así a mediados de ano a "cruda realidad" do seitor gandeiro: pérdidas por kilo producido de polo, 12 pts.; de porco, 4-8 pts.; de becerro precoz, 9 pts.; de becerro añojo, 30 pts. Sinala tamén que somentes en maio entraron polo porto de Barcelona 1.433.245 kilos de carne de porco e 2.321.764 kilos de carne vacuna, mentras se atendían ou eran desviados a outros portos cargamentos de cerca dun millón de kilos. "Por qué -pregunta o periódico- se importa carne cuando, además, su precio puede promediarse en más de 20 pts: por kilo superior a la del mercado nacional, diferencia que debe ser primada por la Administración?" Istes son feitos, que cos derradeiros aumentos nos costos (cos pensos en cabeza) xa sequedan moi cortos.

E feitos son tamén os que cantan as estadísticas: disminución do crédito oficial na agricultura xustamente cando iste seitor recolle cada vegada menos do crédito non oficial. A cabaña española é numérica e proporcionalmente moi inferior a de fai trinta e nove anos.

Iste caos no que intenta supervivir a gandería española afeta con visos de incontible catástrofe ós gandeiros galegos. A discriminación na división por zonas pró precio do leite e no arbitrario reparto das fatídicas "jornadas teóricas" da Segúridá Social Agraria, engádese a posta en marcha dise brazo do pulpo do capital monopolista de Estado que é pra Galicia o SODIGA.

¿Qué menos que "indignación" e "repulsa" podían manifestar os gandeiros galegos reunidos no mes de xuño en Santiago contra a administración e contra os responsables desta?.

Entre a riada de protestas que a aitual situación do seitor provoca, e ben sinificativa a carta de D. Manuel Corzo ó direutor de "A Voz de Galicia" que apareceu a finales de Xulio. "...con suspicaz persistencia, aparecen estos días en la prensa nacional -dí a carta, en relación cunha suposta subvención de 9.800 millós de pts. pra soja- distintos comunicados (procedentes casi siempre de la misma agencia) que pretenden hacer creer a la opinión pública una cierta magnanimidad y benevolencia del Estado para con su ganadería". Logo dun análisis da situación engade: "El Ministerio de Hacienda facilitará esa cantidad en calidad de préstamo. Resarciéndose de ella a partir del mes de Octubre. ¿Cómo? Una vez iniciada la nueva campaña y normalizado ya el precio de la soja el SENPA le seguirá manteniendo a las fábricas de piensos y a los ganaderos el precio de 20 pts: kilo (aunque compre a ocho o diez) hasta compensar los 9.800 millones que recibió en calidad de préstamo del Ministerio de Hacienda. ¿Donde está, señor Director, la subvención de 9.800 millones que la agencia Logos le asigna a la economía agropecuaria?. Comprenderá que, si como dice el comunicado, esto representa la mayor ayuda de todos los tiempos a la ganadería española no podemos extrañarnos que esta economía tienda a la ruina, ni tampoco que nuestra actual cabaña nacional de vacuno sea en número similar a la existente en L.934".

Hoxe, no contesto da sociedá en que vivimos, e vindo de onde veñen, estas palabras fanse feitos. Son certamente siñificativas -e ogallá non nos trabuquemos- entrando de cheo na corrente dos novos ventos que soplan na nosa nación galega, e que van enraizando en tódolos seitores, entre os que o da agricultura e gandería ten o seu propio peso e o seu papel a xogar no aceleramento dos urxentes cambeos que a situación impón.

Cando o vicepresidente dos "Jóvenes Agricultores Empresarios" refería na reunión de gandeiros da Cruña, no mes de Xuño, o incidente acaecido na Asamblea da Hermandá de Labradores e Gandeiros de Madrí, na que "tres o cuatro representantes de las zonas latifundistas habían conseguido del presidente nacional el que retirase la moción presentada por las COSA del Norte de España, por considerarlo tema conflictivo" (igualdá de trato pra tódolos produtores de leite de España) estaba tocando fondo. E tamén o fondo da custión o toca o voto de censura ós dirixentes culpables da aitual situación gandeira, aprobado en dita reunión, eisixindo responsabilidades polos graves perxuicios ocasionados.

¿Cómo non valorar estas aportaciós á desmitificación da propaganda milagreira do réximen; a denuncia dos falsos "cauces legales", instrumentalizados polos intereses dunhos poucos; a responsabilización dos verdadeiros artífices do caos e desfase da economía galega e da de toda España?.

O franquismo, cada día mais acorralado, somentes lle resta o vocear verbas e mais verbas, dende ise dócil vehículo que é a Televisión ou diante os periódicos do "Movimiento" (¡qué sarcasmo!) onde a réplica non é posible.

Non dudamos de que os gandeiros galegos; ante a prósima celebración da Asamblea da Hermandá en Madrí, van facer dela un verdadeiro aito de protesta contra a política do réximen. E os comunistas galegos non regatearemos esforzos pra axudar o que sexa unha forte manifestación antifranquista; un paso mais cara a conquista da libertá e mais da democracia.





(c) Ministerio de Cultura 2005